

## **BASES DE INSCRICIÓN NA I XINCANA 'GEOCACHIG'A VALENZÁ**

O 'Geocaching' A Valenzá ou Xincana GPS é unha actividade para agochar pistas que estarán escondidas en calquera lugar da Valenzá coa axuda dun GPS. A temática será sobre a vida e obra de **Xela Arias**, autora a que lle dedica este ano a Real Academia Galega o **Día das Letras Galegas**.

### **DESTINARIOS**

A actividade está dirixida a mozos e mozas con idades comprendidas principalmente entre os 14 e 30 anos. O desenvolvemento será en grupos de 2 a 4 participantes.

### **DESENVOLVEMENTO**

A actividade terá lugar o 21 de maio de 2021 e discurrirá de manera autónoma, sendo supervisada polos monitores/as únicamente ao inicio da actividade, no que se explicará o contido, e ao remate.

Tendo en conta as medidas tomadas pola situación actual da COVID-19, as pistas estarán nun código QR de maneira que se evite o máximo contacto entre os diferentes grupos . Os participantes escanearán o código QR no que terán que cumplimentar unha breve ficha cos datos do equipo. Este código quedará exposto de maneira permanente despois do concurso para calqueira aficionado que desexe realizar a proba por libre.

Cada equipo sairá a una hora diferente, cun mínimo de 10 minutos de diferenza en cada grupo, tendo un máximo de hora e media para finalizar a actividade. O horario da ximcana será de 16 a 19 horas. A saída terá lugar desde a Casa da Mocidade e a proba transcurrirá na localidade de A Valenzá.

### **PRAZO DE INSCRICIÓN**

O prazo de inscrición será do **13 ao 20 de maio de 2021**. A inscrición realizarase a través do correo electrónico [xuventude@barbad.es](mailto:xuventude@barbad.es) indicando os seguintes datos: pseudónimo do grupo, nome e apelidos, DNI, enderezo, idade e teléfono de todos os integrantes, e a franxa horaria na que desexan participar.

Para participar respetarase a rigurosa de inscrición.

### **ACEPTACIÓN**

A participación nesta actividade supón a aceptacion das seguintes bases.

### **ORGANIZA**

Casa da Mocidade  
Concellería de Mocidade e Deportes.  
Rúa Os Diestros, 2,  
32002 A Valenzá (Ourense)